

Ref.: AE/gac
Expediente: 435/21

INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O “PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE CREA E REGULA O COMITÉ CLÍNICO DE CIRURXÍA ROBÓTICA”

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación co “Proxecto de orde pola que se crea e regula o Comité clínico de cirurxía robótica”, emite o seguinte informe:

INFORME

1. Marco normativo e competencial

Con relación á materia regulada, debe terse en conta o seguinte marco normativo:

- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.
- Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade.
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico.

2. Acerto e oportunidade

A cirurxía robótica enténdese como o nivel máis avanzado da cirurxía minimamente invasiva e polo tanto, como a evolución natural dos equipos cirúrxicos con ampla experiencia en cirurxía laparoscópica, estando baseada en dous conceptos: a realidade virtual e a cibernética.

A súa utilización aporta beneficios a diferentes niveis: para os pacientes, os profesionais e para a organización sanitaria.

A adquisición polo Servizo Galego de Saúde de 7 robots Davinci, para situar en cada un dos hospitais de referencia das 7 áreas sanitarias, supón un fito importante para a organización ao dotar aos centros da última tecnoloxía en robots cirúrxicos.

Non obstante, a implementación destes equipos depende de varias variables, polo que co fin de que sexa un proxecto corporativo, homoxéneo e progresivo en todas as áreas sanitarias; é precisa a creación dun comité clínico multidisciplinar que se encargue de establecer criterios corporativos comúns para o seguimento da súa implantación en todos os servizos.

A orde que se informa ten por obxecto a creación do Comité clínico de cirurxía robótica no Servicio Galego de Saúde, así como regular a súa constitución, natureza xurídica e adscrición, composición, funcións e réxime de funcionamento e coordinación.

O artigo 33.1 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, dispón que lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior.

O artigo 1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, sinala que Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

O proxecto de orde axústase aos preceptos de carácter básico sobre órganos colexiados contidos Lei 40/2015, do 1 de outubro e á sección 3ª, do capítulo I, do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro; relativa así mesmo á regulación de órganos colexiados.

3. Tramitación

De conformidade co artigo 7.1 do Decreto 136/2019, do 10 de outubro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, corresponde á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da Secretaría Xeral Técnica, a tramitación dos proxectos de disposicións administrativas de carácter xeral.

Polo que respecta á tramitación na elaboración do proxecto normativo, esta acomodouse ao procedemento legal e ás prescricións contidas na seguinte normativa:

- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, en adiante LOFASGA (artigos 40 e ss.).
- A Lei 15/2010, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (artigo 12).
- A Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



- O Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, aprobado polo Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro (artigo 8).

Consta no expediente o acordo de inicio do procedemento de elaboración da orde do 29.06.2021, asinado pola persoa titular da Consellería de Sanidade (artigo 41.1 da LOFASGA).

Incorporouse ao expediente unha memoria xustificativa de data 01.07.2021 relativa á non necesidade de realización do trámite de consulta pública previa esixido polos artigos 41.2 da LOFASGA e 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O centro directivo impulsor remitiu á Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo o borrador da disposición acompañado dos documentos que de seguido se relacionan (artigo 41.3 apartados a), b) d) da LOFASGA):

- Memoria xustificativa sobre a súa legalidade, o seu acerto e a súa oportunidade.
- Memoria económico-financeira.
- Táboa de vixencias.

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico Xurídico I da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Administrativo, o día 19.07.2021 elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Consellería de Sanidade o 30.07.2021 (artigos 41.3 c) e 41.4 da LOFASGA).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, o secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade acordou, o 03.08.2021, que non era necesario o sometemento do proxecto de orde a trámite de audiencia por tratarse dunha disposición de carácter puramente organizativo, pero si a súa publicación no Portal de transparencia e goberno aberto da Xunta de Galicia (artigos 41.5 e 42.6 da LOFASGA e artigo 9 c) da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

Na tramitación do proxecto e ao abeiro do esixido polo artigo 42 da LOFASGA , solicitáronse e emitíronse os seguintes informes:

- Informe da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa do 12.08.2021
- Informe da Secretaría Xeral da Igualdade do 17.08.2021
- Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos do 19.08.2021
- Informe da Dirección Xeral da Función Pública do 20.10.2021
- Informe do asesor xurídico da Consellería de Sanidade do 05.11.2021

O asesor xurídico da Consellería de Sanidade, conclúe no seu informe: *"Examinado os aspectos formais, e sen que se proceda a efectuar observacións de legalidade, esta asesoría*



xurídica entende polas razóns expostas no corpo do presente informe que o proxecto de orde pola que se crea e regula o Comité clínico de cirurxía robótica cumpre os requisitos legais exixidos pola normativa vixente”.

4. Integridade do texto

O texto do proxecto de orde conta coa seguinte estrutura e contido:

Parte expositiva

Artigo 1. Obxecto

Artigo 2. Creación do comité

Artigo 3. Natureza xurídica e adscrición

Artigo 4. Composición

Artigo 5. Funcións

Artigo 6. Principio de presenza equilibrada

Artigo 7. Nomeamento e cesamento das persoas integrantes do comité

Artigo 8. Organización e funcionamento do comité

Artigo 9. Creación de grupos de traballo

Artigo 10. Colaboración temporal de persoal técnico

Artigo 11. Réxime supletorio

Disposición adicional única. Crédito orzamentario

Disposición derradeira única. Entrada en vigor

5. Legalidade

Nas memorias e informes incorporados ao expediente queda perfectamente xustificada a adecuación da presente iniciativa aos principios recollidos no artigo 37 a) da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico e o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións



públicas.

A tramitación da iniciativa axustouse rigorosamente á normativa de aplicación e en concreto aos artigos 40 e seguintes da LOFASGA.

En cumprimento do disposto no artigo 43.4 da LOFASGA, o proxecto someterase á aprobación da persoa titular da Consellería de Sanidade.

De acordo co indicado considérase que este "Proxecto de orde pola que se crea e regula o Comité clínico de cirurxía robótica", reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se emite a seguinte PROPOSTA:

Informar favorablemente este proxecto de orde conforme a súa legalidade.

A subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo

Laura Recacho Rivas

A persoa titular da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, logo de ver a proposta da subdirectora xeral de Réxime Xurídico e Administrativo da consellería, considera que o proxecto de orde sometido a informe se axusta á legalidade vixente, polo que informa favorablemente (artigo 43.2 da LOFASGA).

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

